



## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 17 DE NOVEMBRO DE 2017

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

#### **Concelleiros:**

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

#### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 12:50 horas do día **17 de novembro de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 27 de outubro de 2017.

### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Licenza de obra. Expediente 212/2016.

2.2.- Prórroga licenza de obra. Expediente 44/2017.

2.3.- Comunicacóns previas de obra.

### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Inicio de procedemento para declaración de ineficacia de comunicacón previa urbanística de obra. Expediente 201/2017.

3.2.- Inicio de procedemento para declaración de ineficacia de comunicacón previa urbanística. Expediente 245/2017.

3.3.- Inicio de procedemento para declaración de ineficacia de comunicacón previa urbanística. Expediente 212/2017.

3.4.- Inicio de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

3.5.- Trámite de audiencia en procedemento de reposición da legalidade urbanística.

### **4.- PATRIMONIO MUNICIPAL**

4.1.- Inicio de procedemento para a recuperación da posesión dunha vía pública.

### **5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**



## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondentes á sesión extraordinaria do 27 de outubro de 2017.

## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

**1/** As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

**2/** No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

**3/** Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

**4/ Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

**5/ Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

**6/** As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

**7/** En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

**8/** Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## 2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 212/2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. H\*\* solicitou en data 06/09/2016 (r.e 5937) licenza municipal para “**parcelación de finca**” da situada no lugar de Con, Agueira, s/n – Nebra, coa referencia catastral 15072A502023290000OY, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Marcos Calo Saiz de data maio de 2017( visado núm. 20170253).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **212/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 30/10/2017 e o informe de Secretaría de data 15/11/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D.H\*\* a licenza municipal solicitada para “**parcelación de finca**” da situada no lugar de Con, Agueira, s/n – Nebra, coa referencia catastral 15072A502023290000OY, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Marcos Calo Saiz de data maio de 2017(visado núm. 20170253), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:



## "Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, follas 11-M e 12-M do PXOM, a parcela na que se proxecta a parcelación está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2** en parte, e como solo rústico noutra parte.

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A disposición derogatoria única da LSG, dispón que Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

## Condicións urbanísticas das parcelas:

### Finca matriz:

PARÁMETRO	PXOM (NRC)	PROXECTO
Parcela mínima	600m <sup>2</sup>	Superficie en solo de núcleo rural: 1.229m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	25,37m

### Fincas resultantes:

#### Finca 1:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m <sup>2</sup>	Superficie neta: 616,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	9,00m



## Finca 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m <sup>2</sup>	Superficie neta: 613,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	16,37m

## Finca 3:

Parte da finca que ten a clasificación de solo Rústico, e que conta cunha superficie de 861m<sup>2</sup>.

Suposto de innecesiedade de segregación segundo artigo 150.6.c da LSG, por contar con distinta clasificación urbanística.

## Cesión a viario:

Non procede cesión a viario

## **Afeccións sectoriais:**

Á vista da documentación presentada, resulta que a finca matriz está clasificada en parte como solo de Núcleo Rural Común, e en parte como solo Rústico, polo que se estará ao disposto no artigo 72.e da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, pola que No caso de que unha parcela estea en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

No expediente consta informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de A Coruña emitido en data 17 de outubro de 2017.

## **Condicións particulares:**

- A parcelación axustarase ao documento visado número 20170253 de data 08/05/2017.
- Condicións das fincas resultantes:

## Finca 1:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m <sup>2</sup>	Superficie neta: 616,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	9,00m



## Finca 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m <sup>2</sup>	Superficie neta: 613,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	16,37m

## Finca 3:

Parte da finca que ten a clasificación de solo Rústico, e que conta cunha superficie de 861m<sup>2</sup>.”

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	250,80 €
Taxa definitiva	250,80 €
<b>Pendente de pago</b>	<b>00,00 €</b>

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

## **2.2) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 44/2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia nº 195 de data de 22/06/2011.

Vista a instancia presentada por **D. F\*\***, con rexistro de entrada nº 6744 de data de 30/10/2017, solicitando a concesión dunha prórroga no prazo de inicio da obra autorizada pola Xunta de Goberno Local o 15/06/2017 (expte. 44/2017).

Considerando que artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.



2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”.

## ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. F\*\* unha prórroga de seis meses para o inicio das obras autorizadas o 15/06/2017 pola Xunta de Goberno Local (expte. 44/2017).

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## 2.3) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

### 2.3.1.- Expediente nº 220/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F\*\* o 21/09/2017 (r.e. 5893) para realizar obras de “**renovación de tubaxe de abastecemento de auga**” da vivenda situada no lugar de As Laxes, 1– Xuño, coas referencias catastrais 15072A039003670000PY.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.510,00 euros	2%	<b>30,20 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.3.2.- Expediente nº 235/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de Propietarios do San José 3 o 10/10/2017 (r.e 6340) para realizar obras de “**pintado de fachadas**” no edificio situado na Avenida da Constitución, 3- Portosín, coa referencia catastral 4239818NH0343N.



**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.509,00 euros	2%	<b>50, 18 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.3.3- Expediente nº 236/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J\*\* o 13/10/2017 (r.e. 6386) para realizar obras de “**limpeza de tellado e substitución de catro claraboias**” na vivenda situada no lugar de Laxieles, 15- Porto do Son, coa referencia catastral 0206703NH0300N0001QU.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.590,0 euros	2%	<b>31,80 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.3.4- Expediente nº 242/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**





**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. M\*\* o 25/10/2017 (r.e. 6662) para realizar obras de “**pintado de fachadas**” do edificio situado na Avenida da Constitución, 42- Portosin, coa referencia catastral 4340213NH0344S.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.732,50	2%	<b>34,65 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

#### **3.1) INICIO DE PROCEDEMENTO PARA A DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA. EXPEDIENTE 201/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Vista a comunicación previa de obra presentada por D<sup>a</sup>. A\*\* o 23/08/2017 (r.e. núm. 5303) para executar as obras de “**peche de finca e colocación de caseta para apeiros**” na parcela situada no lugar de Novás, s/n – San Pedro de Muro, coas referencias catastrais 15072A035002330001AJ, 15072A035005590000PQ e 15072A035005600000PY, segundo a memoria técnica redactada polo arquitecto técnico D. Emilio José Domínguez Rodríguez.

Visto que a memoria técnica describía a instalación na parcela dunha vivenda móbil, que cualificaba como “*almacén para apeiros*” e que en data 20/09/2017 se lle notificou á promotora que o uso pretendido requiría de licenza urbanística, polo que a comunicación previa non amparaba a execución das obras.

Considerando que o art. 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) dispón que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da



actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación, sen prexuízo das sancións que se poidan impor.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para a declaración de ineficacia da comunicación previa de obra presentada por D<sup>a</sup>. A\*\* o 23/08/2017 (expte. 201/2017) para executar as obras de **“peche de finca e colocación de caseta para apeiros”** na parcela situada no lugar de Novás, s/n – San Pedro de Muro, coas referencias catastrais 15072A035002330001AJ, 15072A035005590000PQ e 15072A035005600000PY, segundo a memoria técnica redactada polo arquitecto técnico D. Emilio José Domínguez Rodríguez, por ser a actuación que realmente se pretende executar un acto non amparado pola comunicación previa e que precisa de licenza urbanística.

**SEGUNDO.-** Impedir, con carácter de medida provisional e de conformidade co previsto no art. 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a execución da actuación comunicada, a fin de evitar toda alteración da realidade física.

**TERCEIRO.-** Dispor que pola Policía Local se vixie o cumprimento da medida provisional ordenada, informando dos incumprimentos que puidesen producirse.

**CUARTO.-** Notificar este acordo aos interesados e outorgarlles trámite de audiencia por prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao de notificación, para que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen convenientes ao seu dereito.

### **3.2) INICIO DE PROCEDIMIENTO PARA A DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA. EXPEDIENTE 245/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Vista a comunicación previa de obra presentada por D. P\*\* o 27/10/2017 (r.e. núm. 6723) para executar as obras de **“construción dunha pista de tenis descuberta”** na parcela situada no lugar da Silva, s/n – Goiáns, coas referencias catastrais 483110NH342N0001MA, 4830108NH0342N0000IP e 4830109NH0342N0001KA, segundo a memoria técnica redactada polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira.

Visto que polos servizos técnicos municipais se emitiu informe o 06/11/2017 facendo constar:

**“Conclusión:**

*Segundo o anteriormente exposto, na opinión da técnico que subscribe, as obras que se recollen no proxecto presentado serían obxecto de licenza municipal, e non de comunicación previa.*

*Por outra banda, as obras referidas non serían posibles na parcela de solo rústico que se recolle no proxecto, dado que non se cumpre a condición de parcela mínima, polo que xa non se valoran o resto de*



*parámetros regulados para o solo rústico, no artigo 39 da LSG, que tamén serían de obrigado cumprimento.”*

Considerando que o art. 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) dispón que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación, sen prexuízo das sancións que se poidan impor.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para a declaración de ineficacia da comunicación previa de obra presentada por D. P\*\* o 27/10/2017 (r.e. núm. 6723) para executar as obras de “**construción dunha pista de tenis descuberta**” na parcela situada no lugar da Silva, s/n – Goiáns, coas referencias catastrais 483110NH342N0001MA, 4830108NH0342N0000IP e 4830109NH0342N0001KA, segundo a memoria técnica redactada polo arquitecto D. Alfredo Varela Nogueira, por ser a actuación que se pretende executar un acto non amparado pola comunicación previa e que precisa de licenza urbanística e, ademais, ser contrario á normativa urbanística aplicable.

**SEGUNDO.-** Impedir, con carácter de medida provisional e de conformidade co previsto no art. 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a execución da actuación comunicada, a fin de evitar toda alteración da realidade física.

**TERCEIRO.-** Dispor que pola Policía Local se vixie o cumprimento da medida provisional ordenada, informando dos incumprimentos que puidesen producirse.

**CUARTO.-** Notificar este acordo aos interesados e outorgarlles trámite de audiencia por prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao de notificación, para que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen convenientes ao seu dereito.

### **3.3) INICIO DE PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA. EXPEDIENTE 212/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Vista a comunicación previa de obra presentada por D. J\*\* o 11/09/2017 (r.e. núm. 5640) para executar as obras de “**legalización e remate de terraza**” na vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño, coa referencia catastral 7803303MH9270S0001DK, segundo a memoria técnica redactada polo polo arquitecto técnico D. E\*\*.

Visto que polos servizos técnicos municipais se emitiu informe o 15/09/2017 facendo constar:

**“Conclusión:**



*Na opinión da técnico que subscribe, en base ao artigo 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, procede que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, e en base ao artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no caso de que as obras sexan legalizables, o interesado presentará solicitude de licenza acompañada de proxecto técnico completo redactado por técnico competente no prazo de tres meses.”*

Considerando que o art. 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) dispón que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación, sen prexuízo das sancións que se poidan impor.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para a declaración de ineficacia da comunicación previa de obra presentada por D. J\*\* o 11/09/2017 (r.e. núm. 5640) para executar as obras de “**legalización e remate de terraza**” na vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño, coa referencia catastral 7803303MH9270S0001DK, segundo a memoria técnica redactada polo polo arquitecto técnico D. E\*\*, por ser a actuación que se pretende executar un acto non amparado pola comunicación previa e que precisa de licenza urbanística.

**SEGUNDO.-** Impedir, con carácter de medida provisional e de conformidade co previsto no art. 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a execución da actuación comunicada, a fin de evitar toda alteración da realidade física.

**TERCEIRO.-** Dispor que pola Policía Local se vixie o cumprimento da medida provisional ordenada, informando dos incumprimentos que puidesen producirse.

**CUARTO.-** Notificar este acordo aos interesados e outorgarlles trámite de audiencia por prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao de notificación, para que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen convenientes ao seu dereito.

### **3.4) INICIO DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Policía Local emitiu informe o 29/08/2017 dando conta de que na vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño se estaba a executar unha obra de ampliación da vivenda existente, construíndo por riba da terraza. Indícase, tamén, que o promotor dispón de permiso para o arranxo do tellado (expte. 76/2017) pero non para o resto da obra.

**Segundo.-** A parcela na que se están executando as obras, que ten a referencia catastral 7803303MH9270S0001DK, está clasificada como “solo de núcleo rural común. Grao 2” polo



Plan Xeral de Ordenación Municipal, ao que segundo o apdo. 1 c) da Disposición Transitoria 1ª LSG “*aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire á edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei*”.

**Terceiro.-** En data 01/09/2017 a Alcaldía ditou o decreto núm. 567/2017, ordenando a inmediata paralización das obras descritas, que eran promovidas, presuntamente, por D. Francisco Javier Rego Santamaría.

Así mesmo, ordenábase ao promotor e ao construtor a retirada inmediata dos materiais e maquinaria preparados para ser utilizados na obra, advertíndoos de que o incumprimento dará lugar á imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros e da comunicación ao Xulgado de Instrución pola posible comisión dun delito de desobediencia grave á autoridade.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Os feitos descritos supoñen o incumprimento do preceptuado no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), que esixe a obtención de licenza urbanística municipal ou a presentación de comunicación previa para a realización dos actos de edificación e uso do solo e do subsolo.

**Segundo.-** O art. 152.1 LSG establece que “*cando se estivera realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante esixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo, a persoa titular da Alcaldía disporá a suspensión inmediata de ditos actos e procederá a iniciar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.*”

Pola súa parte, o art. 379 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), respecto da tramitación do procedemento de reposición da legalidade urbanística, dispón que “*o acordo de iniciación deberá notificarse ás persoas interesadas, que disporán dun prazo de quince días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes*”.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de ampliación da vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño, coa referencia catastral 7803303MH9270S0001DK, sendo o presunto promotor D. F\*\*.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que poida realizar as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen convenientes ao seu dereito e, no seu caso, propoñer a práctica de proba concretando os medios de que pretendan valerse.

## **3.5) TRÁMITE DE AUDIENCIA EN PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.



Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 18/05/2017 se resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. J\*\* polas obras de adición dunha planta ao inmovible situado na rúa Outeiro Baixo, 27 – Porto do Son (referencia catastral 9803316MH9390S0001FI.

Visto que a interesado presentou o 05/10/2017 (r.e. 6577) comunicación previa urbanística para “cambio de cuberta do tellado con reafirmado de paredes”.

Visto que o 14/09/2017 os servizos técnicos municipais emitiron informe no que se fai constar:

**Consideracións técnicas:**

Clasificación do solo:

Segundo o plano Serie O-4, Folla 27-B, a parcela na que se atopa a edificación ten clasificación de **Solo Urbano, incluída no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior C.A. Outeiro (PEPRI-02)**

A disposición transitoria primeira da LSG regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

Cabe indicar que parte da parcela (patio) e da edificación anexa ocupan parte do sistema viario recollido no PXOM, que ademais está catalogado como Rueiro Tradicional na ficha número E\_177.

Réxime urbanístico de aplicación:

O artigo 6.3.1. do PXOM regula o réxime transitorio de aplicación aos ámbitos de protección, como é o do caso que nos ocupa. No caso do PEPRI-02, nas condicións específicas transitorias, non se permiten ampliacións de edificacións existentes.

Afeccións sectoriais:

As obras están afectadas polo réxime de protección de Patrimonio Cultural, por estar no ámbito do PEPRI-02, e non tratarse das obras menores recollidas no apartado 6.3.1.1.d) do PXOM.

**Conclusión:**

As obras executadas e as propostas no anteproxecto presentado non son legalizables, polo que se estará ao disposto no artigo 152 da LSG.”

Considerando que, segundo dispón o art. 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) antes da resolución do expediente se dará audiencia ao interesado.

**ACORDA:**

Outorgar aos interesados trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ao seu dereito.”



## **4. PATRIMONIO MUNICIPAL.**

### **4.1) REQUIRIMENTO PARA O CESE DA POSESIÓN SOBRE UNHA VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** D. F\*\* presentou un escrito o 01/09/2017 (r.e. 5457) denunciando que un veciño construíu unha beirarrúa e colocou unhas macetas nun espazo público no lugar de Cans – Nebra, polo que solicita que o Concello de Porto do Son realice as actuacións necesarias para devolver o camiño ao seu estado orixinal.

**Segundo.-** A Policía Local informou o 13/09/2017 que no lugar de Cans, á altura do nº 13, hai unha beirarrúa na que se instaláron varias macetas, que o propietario da vivenda co nº 13 é D. J\*\*, quen manifestou que beirarrúa a fixera seu irmán, xa falecido.

**Terceiro.-** Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 30/10/2017 indicando:

*“Realizada visita de comprobación do denunciado en data 27 de outubro de 2017, constatouse que foron colocadas unhas macetas no exterior dunha edificación, segundo amosan as fotografías que se inclúen no informe da Policía Local, e na denuncia presentada por D. Francisco Mariño Domínguez.*

*Segundoa a cartografía do catastro, o lugar onde se colocan as macetas está integrado no viario de titularidade catastral pública.*

*Segundo o PXOM, os terreos onde se colocaron as macetas está destinados a viario público”.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), imponse a estas a obriga de protexer e defender o seu patrimonio, procurando a súa inscrición rexistral e exercendo as potestades administrativas e xudiciais procedentes.

Para a defensa dos seus bens e dereitos, o art. 41 LPAP atribúelle ás Administracións Públicas a potestade para *“recuperar de oficio a posesión indebidamente perdida sobre os seus bens e dereitos”*, previsión que reitera para as Entidades Locais o art. 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Requirir a D. J\*\*, na súa condición de presunto responsable, para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao de notificación deste acordo, retire as macetas e o solado instalados sobre a vía pública de titularidade municipal existente no lugar de Cans – Nebra.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.



## **5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **13:45 horas**, do día **17 de novembro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.